

**Roberto Ramos denuncia que no asilo municipal hai 7 prazas baleiras, a pesares de que existe listaxe de agarda e se están enviando aos veciños a residencias de fóra do municipio**

O alcaldable socialista anuncia que, dado que “dende o PSOE facemos unha política de protección integral dos maiores”, pedirá explicacións ao Goberno local para que comunique aos cidadáns por que está realizando este tipo de xestión co centro de maiores

Considera que esta situación se debe a que nos últimos tempos se seguiu “a política de non cubrir esas prazas tras falecer as persoas que as ocupaban”

**RIBADEO, 17 DE ABRIL DE 2015.-** O candidato socialista á alcaldía de Ribadeo -Roberto Ramos Piñeiro- denuncia publicamente que na residencia de maiores municipal hai 7 prazas baleiras. a pesares de que existe listaxe de agarda para entrar e dende o concello estase instando a veciños a que vaian para residencias de fóra do municipio.

“Estamos moi sorprendidos polas denuncias que recibimos de varios cidadáns pola súa situación de desamparo ao ser instados a residir en asilos de fóra da localidade. Pero moito máis sorprendidos aínda nos quedamos ao constatar que no centro de Ribadeo, tras unha visita que realizamos, nos informaron de que hai habitacións baleiras, xa que nos últimos tempos seguiu a política de non cubrir esas prazas tras falecer as persoas que as ocupaban”, explica Roberto Ramos.

**“Política de protección integral”**

O alcaldable socialista engade que “dende o PSOE facemos unha política de protección integral dos maiores e diante desta situación queremos pedir explicacións ao Goberno local para que comunique aos veciños por que está realizando este tipo de xestión co asilo. Parécenos increíble que habendo 7 prazas baleiras e unha listaxe ampla para ocupalas se estea enviando a veciños de Ribadeo a outros asilos de fóra da súa localidade, o que supón un aumento dos seus gastos e tamén que teñan que estar afastados das súas familias. Cremos que é importante que alguén dea unha explicación sobre este feito e que se faga unha xestión axeitada para cubrir estas prazas vacantes no asilo, e que non estean baleiras”, subliña